



RESOLUCIÓN REITORAL DO 8 DE ABRIL DE 2016 DA UNIVERSIDADE DE VIGO, POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE SELECCIONADOS/AS E EN LISTA DE AGARDA DA CONVOCATORIA DE BOLSAS ERASMUS + ESTUDOS PARA O CURSO 2016-2017

Feita a Convocatoria de bolsas Erasmus para o curso 2016-17 por Resolución Reitoral do 18 de xaneiro de 2016 e unha vez recibidas as listaxes de seleccionados/as, en lista de agarda e os criterios de selección de todos os centros da Universidade de Vigo, acórdase ditar a seguinte

RESOLUCIÓN

1. Outórganse aos/as estudantes desta Universidade que figuran no Anexo I as axudas Erasmus convocadas por Resolución Reitoral do 16 de xaneiro de 2016.
2. Publícase unha relación de suplentes no anexo II.
3. A concesión da bolsa Erasmus da Universidade de Vigo queda pendente de:
 - 3.1. Presentación de escrito de aceptación ou renuncia nos rexistros da Universidades da bolsa no prazo 10 días hábiles (data límite 20 de abril de 2016). A non presentación da carta de aceptación no prazo establecido supoñerá a renuncia á bolsa concedida.
Os/as estudantes que renuncien á bolsa, deberán asemesmo notificalo por escrito á Oficina de Relacións Internacionais.
 - 3.2. Admisión do/a estudante por parte da universidade de destino. .

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, o(s) interesado(s) poderá(n) optar por interpor contra esta Resolución Recurso de Reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente Resolución, perante o mesmo órgano que a ditou, neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



O REITOR
Por Delegación (R.R. do 07/05/2014)
O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais
Manuel J. Fernández Iglesias

DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade.
Vigo, 8 de abril de 2016

A secretaria do vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais
Carmen Luisa Pereira Castro